

RESUMO PLANS COVID
CURSO 2020/2021

PLAN DE ADAPTACIÓN COVID-19

EQUIPO COVID

- Directora (coordinadora).
- Representante Educación Infantil.
- Representante Educación Primaria.
(existen substitutos para cada un dos miembros)

IMPORTANTE:

- Uso obrigatorio de máscara en Educación Primaria e recomendable en Educación Infantil (máscara de reposto e un estoxo para gardala).
- Non acudir ao colexio si me atopo mal.
- Obrigatoriedade de realización de autoenquisa diaria ([prema aquí](#)).

Aconteceu nas últimas 2 semanas?		SI	NO
Sintomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
¿Actualmente algún dos síntomas? Si así, cal e cando comezaron.			
		SI	NO
¿Foi en contacto con alguén con COVID-19 nas últimas semanas?	¿cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	¿cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

MEDIDAS ESPECÍFICAS GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

Na aula

- Hixiene de mans de forma frecuente e meticulosa.
- Desinfección de mesa e cadeira por parte do alumnado.
- Non se compartirá material.
- O alumno permanecerá en todo momento no seu sitio.
- Ventilación frecuente.
- Entradas e saídas secuenciadas.

Tempo de lecer

- As zonas estarán asignadas por grupos estables de convivencia.
- Os días de chuvia, permanecerán na clase.
- Uso de baños limitado a un terzo do aforo.

RELACIONES CO CENTRO.

ABALARMÓBIL

- Cualificacións.
- Faltas
- Avisos e incidencias.
- Horario.
- Datos do centro.
- Mensaxería.
- Titorías.

[Premer aquí para:](#)

[Instalación e rexistro.](#)

[Funcionalidades.](#)

CELEBRACIONES

Non se celebrarán actos que supoñan a participación de todo o centro xunto, garantindo deste xeito a estanqueidade dos grupos.

ATENCIÓN AO PÚBLICO

A atención en secretaría, dirección, xefatura de estudos, titorías, departamento de orientación,..será mediante cita previa.

Priorizaranse as xestións telemáticas.

ACTUACIONES DE PREVENCIÓN, HIGIENE E PROTECCIÓN.

Prevención:

- Evitar aglomeraciones: entradas e saídas, hora de lecer, acceso aos aseos,...(Plan de Acolida).
- Distancia social: distribución de espazos.
- Ventilación frecuente.
- Responsabilidade individual: compromiso de toda a comunidade educativa.

Higiene:

- Higiene xeral do centro: persoal de limpeza pola mañá e pola tarde.
- Higiene persoal: lavado de mans frecuente.
- Elementos de limpeza e higiene a disposición de toda a comunidade educativa: xabón, panos desbotables, xel hidroalcohólico.

Protección:

- Uso de máscara.
- Limitación de contactos establecendo grupos estables de convivencia.

Resumo Plan de Continxencia:

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, trasladarase á "zona de illamento" ata a súa recollida pola familia,
- A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.
- Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada grupo.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- Empregaranse preferiblemente medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro. De utilizar outros medios, solicitarase a pertinente autorización de ser necesario.
- Actualizar a aula virtual dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Avisar ao responsable da limpeza do centro para realizar tarefas de desinfección profundas no centro ou estancias afectadas.
- Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

REACTIVACIÓN DAS CLASES

Organización de catro fases para volver á "normalidade".

1. Fase 1: non presencial, revisión de espazos e desinfección
2. Fase 2: Semipresencial, organización de grupos alternos
3. Fase 3: semipresencial, con grupos máis amplos
4. Fase 4: presencial.



NON PERMITAMOS QUE O VIRUS NOS GAÑE A BATALLA

É responsabilidade de todas as persoas que forman a Comunidade Educativa contribuír ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.



MÁS INFORMACIÓN

Premer sobre a imaxe

